

Poemas

LUZ POZO GARZA

BOSQUE DE RODODENDROS

Conversa entre Dana Mónica e Luz Pozo Garza

Nesta mañá tan fría de Dublín nun domingo
de marzo
vaíamos miña nai á montaña de Howth
a ese lugar sagrado...

Dende aqueles outeiros pódese contemplar
a fábula da vida...

¿Pensas acaso que é ilusorio o deseño
do mar de Bran
seducido de xestas de prata e sortilexio
nesta saga irlandesa que estamos a asumir?
as velas liberadas da extinción
os invernos exánimes
o sal da marusía

e mesmo as fontes fundadas na intemperie
de Iwerddon
en tempos consagrados polas rulas do norde

Si. Pode ser todo efémero
todo tan fráxil como a flor de neve
Igual cás aves da memoria
e a caléndula virxe que a penas se respira...

Vamos axiña miña nai subamos
por corredoiras de vizosa lama cara ó bosque
de ilesos rododendros na montaña de Howth
onde aquel dolmen milenario xa sabes...

Aló por baixo das olladas
mora o reino dos *Shidhe* na vibración da luz
e a materia da chuva...

Eles poden deixar no corazón dos homes
una flor moi liviana moi liviana...
ben saben os poetas
pensa en Yeats.

TRINITY COLLEGE

O rector do Trinity College
transcribe cada día unha páxina do Libro de Kells
en pergamiño

Os alumnos celebran o rito con cervexa
no *lounge bar* da Facultade

Na ventana da torre hai algún vidro roto

Nas páxinas do Libro
bule un bestiario atávico sumiso en miniatura
e unha Cruz de Oito Círculos ten poder
contra o demo

Na ventana da torre habita algún pantasma

Chove no patio emérito
de insidiosos pelouros

O rector atravesa –hora de Greenwich–
a porta *palladiana* ás cinco en punto

As rapaciñas levan paraugas amarelos